

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27013703	CEIP de Quiroga	Quiroga	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	4º Pri.	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	19

## 1. Introducción

A presente Programación Didáctica (PD) está enmarcada no Decreto 155/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia así como na Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación. A maiores, tamén teremos presente a Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia así como a Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria.

O CEIP de Quiroga enmárcase nunha zona rural do sur-leste da provincia de Lugo que abarca unha superficie de 324 km<sup>2</sup> e ten unha poboación aproximada de 3.300 habitantes, repartida en 22 parroquias e 123 entidades singulares de poboación. Todas as parroquias son de carácter rural a excepción da de Quiroga na que está emplazada a capitalidade municipal e o centro escolar.

Socioculturalmente, a zona pódese caracterizar en termos xerais como pertencente a un estrato medio a medio-baixo. A desaparición do tecido industrial extractivo da lousa, a grave crise económica que se está a sufrir a nivel mundial xunto coa inflación que esta provoca, ocasionan que parte da poboación se atope en condicións salariais precarias ou careza delas. A estes datos debemos engadir que nos últimos anos a poboación do municipio viuse incrementada pola chegada de familias inmigrantes procedentes de países tan diversos como China, Cuba, Venezuela, Marrocos, Ucraína. Tamén é significativo o número de familias que regresaron ao municipio procedentes doutras comunidades autónomas e o feito de que hai unha numerosa poboación de etnia xitana asentada nun poboado a 2 km do centro escolar.

A actividade económica basease en pequenas empresas de distintos sectores e na actividade agraria con diversas explotacións hortícolas, destacando o sector de cultivo de oliveiras (aceite), así como o vitivinícola. Tamén hai no municipio empresas de extracción de lousa. Nos últimos anos está adquirindo gran importancia o sector turístico debido ao privilexiado enclave do noso concello xa que forma parte da Ribeira Sacra e é a capitalidade do territorio Courel Mountains UNESCO Global Geopark. O Concello conta con numerosos servizos públicos como Casa do Concello, Centro de Saúde, Policía Local, Casa da Cultura, oficina de Turismo, CIM, aula CEMIT, Auditorio Municipal, Escola infantil, IES... así como diferentes lugares para o ocio e lecer como o paseo fluvial, parques infantís, campo de fútbol e pistas multideporte, rutas de sendeirismo sinalizadas... Hai que destacar a existencia de dous museos importantes: o Etnográfico e o Xeolóxico.

O centro ten horario de xornada mixta, sendo os luns o día con xornada de mañá e tarde. Ten servizo de transporte e comedor escolar e conta con unha unidade para cada nivel de Primaria, agás 2º EP que ten dúas. A ratio está en 16,5 alumnos/as por nivel e a porcentaxe de alumnado vulnerable é do 20% aproximadamente. Conta tamén con seccións bilingües nos niveis de 1º, 2º, 3º, e 4º de EP na área de educación Plástica e Visual. Cóntase tamén con outros recursos como: biblioteca incluída no PLAMBE que funciona como espazo multiusos, aulas dixitalizadas con encerado dixital, miniportátiles de aula desde o ciclo medio... Ademais o centro beneficiase e participa en programas como PROA+, Contratos Programa, Plan Proxecta, IGUALA-T. Tamén se acordou participar no PDI impulsado desde a biblioteca escolar: "Un territorio con moita historia", en referencia ao afondamento e posta en valor da historia do territorio Courel Mountains UNESCO Global Geopark.

O grupo-clase de 4º EP está formado por 17 alumnos/as (8 nenas e 9 nenos) con idades comprendidas entre os nove e dez anos. Como característica singular destacaríase que é un grupo cunha gran diversidade polo que todos os aspectos que derivan dela serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

Teranse en conta, polas características do grupo os seguintes protocolos e /ou programas educativos destinados á diversidade da aula.

-Protocolo de consenso sobre o TDA-H na infancia e na adolescencia (seguindo indicacións do DO por sospeita de posible alumno con TDAH)

-Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar.

-Protocolo para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar

-Protocolo de protección de datos.

A área de Ciencias Sociais concíbese como un ámbito cuxo obxectivo principal é que as nenas e nenos adquiren os coñecementos, destrezas e actitudes para que cheguen a ser persoas activas, responsables e respectuosas coa súa contorna próxima e afastada. A área estrutúrase en catro bloques de contidos que son:

- Bloque 1, Ciencia e tecnoloxía

- Bloque 2, O mundo e o desenvolvemento sustentable

- Bloque 3, Vivir en sociedade

- Bloque 4, Leccións do pasado

Formularanse sete unidades didácticas que desenvolverán a totalidade dos bloques de contido durante o presente

curso escolar.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Como é a Terra?	- A Terra no sistema solar -A Terra, un planeta activo _Cómo se representa a Terra? -Para que utilizamos os mapas?	10	10	X		
2	O clima, como está cambiando?	-Coñecemos os climas. - como son os climas en España? -Como son os climas de Galicia? -As paisaxes de Galicia. -Por que falamos de cambio climático? -Como nos afecsta o cambio climático?	15	12	X		
3	Cantos somos e onde vivimos?	-Onde se localiza o territorio español? -Como se goberna España? -Como se estuda a poboación? -Como é a poaboación de España? -Como se reparte a poboación en España?	20	12		X	
4	Producimos de forma responsable	- Que son as actividades produtivas? - Como transforman as actividades o medio? -Outra forma de producir. -Consumimos con responsabilidade.	20	12		X	
5	Coñecemos a Prehistoria	-A vida no Paleolítico -A vida no Neolítico -A vida na idade dos Metais. -A arte inventouse na Prehistoria.	20	12			X
6	O mundo na Idade Antiga	Que ocorreu antes dos romanos? -Que coñecemos dos greagos? -Aa chegada dos romanos á Península -Como vivían os romanos? -Cantas cousas conservanos dos romanos!	15	12			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Como é a Terra?	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Identificar e definir: mapa, globo terráqueo, compás, GPS e os seus elementos. Saber orientarse na natureza con e sin aparellos.	PE	80
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Relacionar as capas da Terra coa súa composición e a actividade que se xera en cada capa.		
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Explicar razoadamente os movementos de rotación e translación		
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar diferentes aparellos e a súa utilización para orientarnos	TI	20
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Relacionar os elementos dun mapa en diferentes contextos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...).</li> <li>- Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- Relación dos elementos, movementos e dinámicas que ocorren no universo con determinados fenómenos físicos que lle afectan á Terra e repercuten na vida diaria e na contorna.</li> <li>- As tecnoloxías da información xeográfica (TIX). A estación meteorolóxica e os seus instrumentos. Relación entre as zonas climáticas e a diversidade de paisaxes. Algunhas características do clima de Galicia.</li> <li>- Mapas e planos en distintas escalas. Técnicas de orientación mediante a observación dos elementos do medio físico e outros medios de localización espacial.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	O clima, como está cambiando?	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Distinguir e indicar nunha infografía, as causas e consecuencias do quecemento global	PE	70
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar e distinguir clima, tempo meteorolóxico, así como os diferentes tipos de clima e as súas características principais		
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Identificar medidas que mitiguen o cambio climático e medidas de adaptación ao mesmo.		
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Identificar as principais causas e consecuencias do cambio climático, o seu impacto nas paisaxes da Terra.	TI	30
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Ser capaz de predicir consecuencias do cambio climático		
CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Realizar un experimento que corrobore o efecto invernadeiro.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...).</li> <li>- Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación, presentando os resultados en diferentes formatos.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos.</li> <li>- Estratexias de procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección e organización).</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O cambio climático. Introducción ás causas e consecuencias do cambio climático, e o seu impacto nas paisaxes da Terra. Medidas de mitigación.</li> <li>- Responsabilidade ecosocial. A transformación e a degradación dos ecosistemas naturais pola acción humana. Conservación e protección da natureza. Os malos tratos animais e a súa protección.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Cantos somos e onde vivimos?	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Relacionar diferentes entidades de goberno do eido local e autonómico cun listado de servizos	PE	70
CA3.1 - Analizar a importancia demográfica, cultural e económica das migracións na actualidade, valorando con respecto e empatía a achega da diversidade cultural ao benestar individual e colectivo.	Identificar as características e a organización dos principais retos demográficos: ocupación e distribución da poboación e representación gráfica.		
CA3.3 - Coñecer os principais órganos de goberno e funcións de diversas administracións e servizos públicos, valorando a importancia da súa xestión para a seguridade integral cidadá e a participación democrática.	Coñecer e identificar a organización das principais institucións e entidades de goberno do eido local, autonómico e nacional así como os servizos que prestan		
CA3.4 - Interiorizar normas básicas para a convivencia no uso dos espazos públicos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, identificando os sinais de tráfico e tomando conciencia da importancia dunha mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Identificar os principais sinais de tráfico e normas como peóns e usuarios dos medios de locomoción.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar un debate sobre a migración en pateras a España. Analizar causas e consecuencias.	TI	30
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar a igualdade de xénero e o voto feminino ao longo da historia. Mulleres sufraguistas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...).</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> </ul>



## Contidos

- Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións.
- Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos.
- Estratexias de procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección e organización).
- Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e a enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos.
- O valor, o control do diñeiro e os medios de pago. Da supervivencia á sobreprodución.
- Os costumes, tradicións e manifestacións culturais da contorna. Respecto pola diversidade cultural que convive na contorna da cohesión social. A cultura de paz e non violencia.
- A organización política e territorial de España.
- Organización e funcionamento da sociedade. As principais institucións e entidades da contorna local, rexional e nacional e os servizos públicos que prestan. Estrutura administrativa de España.
- Ocupación e distribución da poboación no espazo e análise dos principais problemas e retos demográficos. Representación gráfica e cartográfica da poboación con datos obtidos de fontes estatísticas. A organización do territorio en España e en Europa.
- Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero.
- Seguridade viaria. A cidade como espazo de convivencia. Normas de circulación, sinais e marcas viarios. Mobilidade segura, saudable e sustentable como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción.
- Compromisos e normas para a vida en sociedade.

UD	Título da UD	Duración
4	Producimos de forma responsable	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Formular diferentes hipóteses sobre o consumo responsable e os seus beneficios para o noso planeta.	PE	80
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar e relacionar desigualdade social e acceso aos recursos. Evolución das actividades produtivas e das actividades de supervivencia ás de sobreprodución		
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Identificar consumo e produción responsable, alimentación sostible e uso eficiente da xestión da auga e a enerxía. Prevención e xestión sostible e saudable dos residuos.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigación relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Elaborar unha taboa cos datos obtidos na investigación relacionada coa produción e consumo en España de alimentos ecolóxicos.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...).</li> <li>- Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación, presentando os resultados en diferentes formatos.</li> <li>- Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- Responsabilidade ecosocial. A transformación e a degradación dos ecosistemas naturais pola acción humana. Conservación e protección da natureza. Os malos tratos animais e a súa protección.</li> <li>- Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e a enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Coñecemos a Prehistoria	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.2 - Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, empregando as nocións de causalidade, simultaneidade e sucesión.	. Coñece as distintas etapas da Prehistoria . Elabora unha liña temporal cos feitos históricos máis significativos do territorio Xeoparque Montañas do Courel nesa etapa.	PE	60
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, incorporando a perspectiva de xénero.	Identifica o papel de homes e mulleres nas sociedades prehistórica. Compara co papel da muller na sociedade actual.		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Ser capaz de buscar información en Internet sobre os últimos achados en Atapuerca	TI	40
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Formularen grupo preguntas razoadas sobre a Prehistoria e as súas pegadas no territorio Xeoparque Montañas do Courel. Ser capaz de reproducir a historia de Elba, a pastora do Courel.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Elaborar en grupo unha noticia periodística investigando sobre os últimos achados en Atapuerca		
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e proponendo accións para a súa conservación e mellora.	Recoñece a figura de patrimonio cultural e natural e adopta condutas respectuosas para a súa conservación e mellora.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...).</li> <li>- Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Estratexias de procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección e organización).</li> <li>- As pegadas da historia en lugares, edificios, obxectos, oficios ou tradicións da localidade. Os museos como espazo de aprendizaxe e gozo.</li> <li>- O tempo histórico. Nocións temporais e cronoloxía. Localización temporal das grandes etapas históricas en eixes cronolóxicos. Temas de relevancia na historia (Prehistoria e Idade Antiga).</li> <li>- A función da arte e a cultura no mundo da Prehistoria e da Idade Antiga.</li> <li>- O patrimonio natural e cultural. Diferenzas entre parques nacionais, rexionais e naturais. Os espazos naturais protexidos. O seu uso, coidado e conservación.</li> <li>- Iniciación á investigación e aos métodos de traballo para a realización de proxectos, que analicen feitos, asuntos e temas de relevancia actual con perspectiva histórica, contextualizándoos na época correspondente.</li> <li>- Interpretación do papel dos individuos e dos distintos grupos sociais, relacións, conflitos, crenzas e condicionantes en cada época histórica.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	O mundo na Idade Antiga	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Elaborar un texto explicando as pegadas máis importantes do mundo antigo que se poden observar no Territorio Xeoparque Montañas do Courel.		
CA4.2 - Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, empregando as nocións de causalidade, simultaneidade e sucesión.	Identifica os pobos que viviron nesta etapa histórica, a súa forma de vida, arte e cultura.	PE	70

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, incorporando a perspectiva de xénero.	Identifica o papel da muller na sociedade romana e castrexa e cita labores que realizaba.		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Ser capaz de buscar e seleccionar información na páxina web do Museo Xeolóxico de Quiroga, sobre as pegadas dos romanos neste territorio.	TI	30
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e proponendo accións para a súa conservación e mellora.	Coñece e identifica o patrimonio natural e cultural do territorio Xeoparque Montañas do Courel correspondente ao legado mineiro romano: Túnel de Montefurado e castro da Torre. Propón ideas para a súa conservación e mellora.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...).</li> <li>- Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Estratexias de procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección e organización).</li> <li>- As pegadas da historia en lugares, edificios, obxectos, oficios ou tradicións da localidade. Os museos como espazo de aprendizaxe e gozo.</li> <li>- O tempo histórico. Nocións temporais e cronoloxía. Localización temporal das grandes etapas históricas en eixes cronolóxicos. Temas de relevancia na historia (Prehistoria e Idade Antiga).</li> <li>- A función da arte e a cultura no mundo da Prehistoria e da Idade Antiga.</li> <li>- O patrimonio natural e cultural. Diferenzas entre parques nacionais, rexionais e naturais. Os espazos naturais protexidos. O seu uso, coidado e conservación.</li> <li>- Iniciación á investigación e aos métodos de traballo para a realización de proxectos, que analicen feitos, asuntos e temas de relevancia actual con perspectiva histórica, contextualizándoos na época correspondente.</li> <li>- Interpretación do papel dos individuos e dos distintos grupos sociais, relacións, conflitos, crenzas e condicionantes en cada época histórica.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no Decreto 155, así como na Orde do 26 de maio de 2023, as cales se levarán a cabo ao longo do curso. En cada sesión, e con independencia do traballo específico a tratar nelas, establecerase unha rutina que permitirá desenvolver no alumnado a automatización nalgunhas cuestións básicas a tratar ao longo de toda a etapa e a aclimatación dende o comezo da sesión como enfoque preparatorio para esta, buscando o silencio e a recepción activa, tan necesario para calquera das actividades a realizar na sesión

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado

será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal, tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado.

A contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras máis complexas.

O traballo individual, en pares ou en equipo (traballo colaborativo) serán as opcións máis empregadas para favorecer a participación total do alumnado.

Todo isto debe rexirse polos principios de normalización e inclusión e así poder atender á diversidade existente na nosa aula.

En resumo, a metodoloxía será activa, participativa, comunicativa e intentará incluír novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que seña posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes

#### ASPECTOS XERAIS

- Partir dos coñecementos previos do alumno.

- Partir do contexto máis próximo e do seu nivel evolutivo, cognitivo e emocional.

- Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe.

- Potenciar as metodoloxías activas:

\* Combinar traballo individual e cooperativo

\* Aprendizaxe por proxectos

- Enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problema.s

- Uso habitual de dispositivos e recursos dixitais para levar a cabo as tarefas encomendadas.

- Ligazóns de interese relacionadas coa materia.

- Papel facilitador do docente

- A lectura como factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave.

#### ELEMENTOS METODOLÓXICOS

- Instrumentos metodolóxicos: Visual Thinking / Aprendizaxe Baseada no Pensamento / Aprendizaxe baseada en retos /

Pensamento artístico / Traballo cooperativo.

- Agrupamentos: Flexibles en función dos itinerarios escollidos (Individual, en grupos cooperativos heteroxéneos ou en gran grupo).

- Procesos cognitivos: Activar, Recordar, Analizar, Seleccionar, Secuenciar, Resolver, Aplicar, Comparar, Deliberar, Crear.

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal, tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado.

A contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras máis complexas.

O traballo individual, en parellas ou en equipo (traballo colaborativo) serán as opcións máis empregadas para favorecer a participación total do alumnado.

Todo isto debe rexirse polos principios de normalización e inclusión e así poder atender á diversidade existente na nosa aula.

En resumo, a metodoloxía será activa, participativa, comunicativa e intentará incluír novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que seña posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes.

Deste xeito, partiremos sempre dos coñecementos previos do alumnado, así como do contexto próximo e do seu nivel evolutivo, cognitivo e emocional. Sen esquecer os da diversidade existente na aula, respetando os seus ritmos e estilos de aprendizaxe.

A maiores potenciaremos metodoloxías activas: combinar o traballo individual e cooperativo, aprendizaxe por proxectos (PDI do centro educativo), enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas así como o uso habitual de dispositivos e recursos dixitais.

Como docentes seremos facilitadores da aprendizaxe, promovoremos a lectura como factor fundamental das competencias cla

Desde o punto de vista da metodoloxía específica desta área, ponse o foco nos seguintes aspectos

I. Educación integral orientada a formar persoas:

- Indagadoras e analíticas.

- Informadas e cultas.

- Reflexivas e críticas.

- Boas comunicadoras.

- Colaboradoras e participativas

- Comprometidas e éticas.
- Creativas.
- Respectuosas e con mentalidade aberta.

1. Desenvolvemento sostible desde o punto de vista ambiental e social: as ciencias Naturais educan cidadáns globais, persoas comprometidas consigo mesmas, cos demais e co planeta. O alumnado debe ser capaz de reflexionar sobre os retos do século XXI e deben contribuír á construción dun mundo mellor.

2. Proxecto conectado coa realidade que promove a aprendizaxe competencial. Para iso, cada unidade didáctica organízase ao redor dunha situación de aprendizaxe, unha experiencia de aprendizaxe (problema, tema, reto...) motivadora, real e próxima ao alumnado. As unidades seguen unha ruta didáctica en catro fases:

- Espertar a curiosidade do alumno e tomar conciencia da situación-problema
- Aprendizaxe orientada cara aos contidos necesarios e o desenvolvemento das habilidades de pensamento.
- Aplicación do aprendido nas tarefas complexas, con forte sentido competencial e actitudinal.
- Consolidación, valoración do aprendido e personalización.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Encerado dixital
Ordenador para a docente con diferentes aplicacións e recursos. Autofalantes
Aula virtual do centro (recursos, tarefas, contidos...)
Aula virtual para o docente da editorial Santillana
Libro impreso e libro dixital para docente e alumnado
Material diverso e variado para consulta localizado na aula e/o a biblioteca de centro
Material diverso fotocopiable de diferentes editoriais.
Material funxible (cartolinas, folios, pinturas, rotuladores...)
Repositorio de contidos Abalar
Libreta individual tamaño dinA4

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivalo e implicalo no proceso de ensino-aprendizaxe procurando que os recursos empregados posibiliten unha aprendizaxe activa por parte do alumnado.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Unha vez revisados os informes individualizados dos alumnos/as, levarase a cabo unha proba co fin de coñecer o punto de partida real do presente curso escolar. Tamén se requerirá información que se considere de especial interese, ao equipo docente do curso anterior, información que ampliará e complementará a obtida polos medios anteriormente descritos.

Os recursos para levar a cabo a avaliación inicial aplicaranse en dúas vías:

Do grupo da clase

- Intercambio de información entre equipos docentes sobre o grupo en xeral. Abordaranse todas as peculiaridades do grupo, as interaccións que se producen nel e as dinámicas que funcionaron ben ao longo do tempo. Tamén se incorporarán datos relativos a alumnos con necesidades especiais, discapacidades ou dificultades de aprendizaxe.

- Formulación de dinámicas de grupo para detectar como se relaciona o alumnado entre si e co profesorado. Este punto realizarase mediante a observación directa.

De cada alumno en particular

- Observación directa do seu traballo e da interacción cos outros.
- Rutinas de pensamento.
- Probas de avaliación inicial.

A avaliación inicial levarase a cabo ao longo da segunda semana do inicio do curso e servirá para poder establecer uns criterios claros e concisos do nivel mínimo da clase en xeral, de cada alumno/a en particular e para informar sobre as dificultades que se detectan a nivel de necesidades de intervención do profesorado especialista en AL, PT, da que se dará cumprida información na Reunión de Avaliación que se realizará no centro.

Neste senso cómpre ter en conta tamén os informes individualizados do alumnado de nova incorporación ao centro, xa que son a única referencia previa dispoñible.

As probas de avaliación inicial consistirán nunha ficha para respostar de xeito escrito e comprobar os coñecementos de cada unha das materias correspondentes ao curso anterior. A partir do conxunto de datos obtidos das probas anteriormente citadas, comunicarase ao DO e ao equipo docente, as medidas que xa se poden ir tomando na aula (reforzos e/ou atención individualizada) e de ser posible e/ou necesario convir o modo de intervención máis eficaz daquelas posibles dificultades detectadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional. Estas necesidades quedan reflectidas nun documento que a titora entrega na Reunión de Avaliación anteriormente citada e que se celebrará na última semana do mes de setembro (luns 25 de setembro)

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	80	70	70	80	60	70	<b>71</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	20	30	30	20	40	30	<b>29</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación.

Avaliación continua e formativa

- Portafolio, coa colección de producións gráficas do alumno, permite ao profesorado avaliar con evidencias obxectivas non só o produto final, senón tamén o proceso que os estudantes seguiron para a súa realización.
- Lista de cotexo con criterios obxectivos, claros, relevantes e relacionados coas aprendizaxes a avaliar.
- Diana para avaliar actitudes persoais, que permite obter conclusións sobre as actitudes persoais do alumnado en canto a participación, cumprimento das normas, responsabilidade, respecto aos compañeiros e coidado do material, así como realizar comparacións na evolución destas actitudes ao longo dun período de tempo.
- Cuestionarios de autoavaliación constitúen ferramentas moi eficaces para que os alumnos poidan medirse e comprobar os seus avances.
- Probas de avaliación das unidades didácticas, son unha ferramenta apropiada para comprobar a adquisición dos saberes básicos e o desenvolvemento das competencias dunha forma fiable e obxectiva. As probas de avaliación da unidade fomentan o pensamento e contribúen á aprendizaxe significativa, permitindo avaliar en que medida o estudante adquiriu determinadas aprendizaxes, se sabe relacionar diferentes saberes entre si e se é capaz de transferir as destrezas adquiridas a outro contexto cunhas particularidades distintas (sen apoios, con tempo limitado...).

Avaliación trimestral ou sumativa

- Escala de valoración do caderno persoal do alumnado. permite facer un seguimento do seu traballo na aula, ademais de ser un medio de comunicación entre a familia e a escola. Valorarase a presentación, a organización e a execución das actividades e tarefas incluídas no caderno.



· Escala de coavaliación, que favorece a aprendizaxe do alumnado, permite interiorizar os criterios de éxito ao examinar as producións doutros compañeiros, á vez que se identifican elementos de calidade e boas actitudes tanto no traballo dos demais como no propio.

No tocante á calificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as calificacións das UD que compoñen o trimestre, para iso empregaremos os instrumentos de avaliación anteriormente sinalados.

Así mesmo, a unidade didáctica "Unidade transversal", será avaliada dende o comezo da actividade lectiva ata o término da mesma cun peso igualitario en cada trimestre, dado que trata contidos actitudinais e contidos comúns a tódalas unidades didácticas restantes.

Polo tanto, ao final de cada trimestre, unha vez avaliadas as unidades didácticas correspondentes a cada un deles, realizarase unha media ponderada entre estas (que teñen un peso equivalente), sumando a parte correspondente da unidade transversal para así conseguir o 100% da nota trimestral.

Finalmente, a nota da avaliación ordinaria obterase seguindo unha avaliación continua, tendo especialmente en conta o progreso do alumno/a na terceira avaliación. Deste modo, os dous primeiros trimestres contarán cun peso dun 30%, mentres que o terceiro contará cun peso dun 40% sobre o total. A promoción será decidida polo equipo docente en sesión de avaliación. A decisión será tomada de forma colexiada tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do titor/a.

No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas:

\* 1,2,3,4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6).

\* 5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade (por exemplo: 6,6=7)

A nota trimestral, no tocante a que ás UD se refire é a seguinte:

\* 1º trimestre, 30%

\* 2º trimestre, 35%

\* 3º trimestre, 35%

Finalmente, a nota da avaliación ordinaria obterase seguindo unha avaliación continua, tendo especialmente en conta o progreso do alumno/a na terceira avaliación. A promoción será decidida polo equipo docente en sesión de avaliación. A decisión será tomada de forma colexiada tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do titor/a.

### **Criterios de recuperación:**

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, porase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Seguindo a Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, na etapa da educación primaria porase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Neste sentido, cobra especial relevancia nesta aula en neste curso o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar trastornos de atención ou de aprendizaxe ou por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtida na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade. Deste xeito, no grupo de 3º de educación primaria adoptaremos as seguintes medidas ordinarias para dar resposta as necesidades do noso alumnado: adaptaremos tempos e instrumentos de avaliación, faremos reforzo educativo, recibiremos apoio por parte de mestres con dispoñibilidade horaria, contaremos co reforzo do profesorado PROA +.

Do mesmo xeito, de ser insuficientes as ordinarias poremos en marcha as seguintes medidas extraordinarias: apoios do profesorado especialista en audición e linguaxe e pedagogía terapéutica.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que xurden no proceso de ensino-aprendizaxe.



Asimesmo, proporcionaremos variedade de formas de representación dos contidos, por medio de imaxes, audios e vídeos. Incluiremos resumos e esquemas, lapbooks, infografías... facilitaremos a elección de tarefas, implicaremos aos discentes no seu aprendizaxe por medio de actividades que sexan relevantes para a vida cotiá dos alumnos/a e fomentaremos o traballo cooperativo na aula para que entendan que traballar xuntos lles leva a conseguir un obxectivo integrando así na aula estratexias de deseño universal de aprendizaxe.

No caso de que ao longo do curso algún discente teña dificultade para asistir ao centro por causas debidamente xustificadas empregaremos a aula virtual do centro, colgando as tarefas que imos facendo na clase e outras actividades de reforzo/ampliación. Todo isto acompañado da comunicación coa familia a través de ABALAR, correo electrónico, chamadas telefónicas... Tamén se lle facilitará ás familias a recollida das tarefas e material (llibros e/ou libretas) no propio cento escolar.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para consumo responsable e o desenvolvemento sostible		X	X	X		
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde		X	X	X		

### Observacións:

Os elementos transversais enumerados anteriormente, traballaranse tanto nas UD relacionadas co seu contido, como a través das diferentes actividades que se desenvolvan ao longo do curso. O traballo dos elementos transversais está implícito na labor docente, xa que debemos transmitir unha serie de valores e actitudes ao noso alumnado, tal como reflicte a lexislación vixente.

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

As CCSS serán un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.

Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita ou a resolución pacífica de conflitos estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Por outra banda, contidos como o desenvolvemento sustentable, serán abordados máis especificamente en unidades didácticas en concreto nas unidades 2 e 3.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Elaboración en grupo dun lapbook sobre o cambio climático	O reto deste primeiro trimestre propón a reflexión sobre as causas e consecuencias do quecemento global	X		
Realizaar en grupo unha infografía sobre os incendios forestais, os asolagamentos e a seca en A España	Aplicar o método científico para identificar tres fenómenos derivados do cambio climático no noso país	X		
Debate e simulación sobre as funcións de diferentes representantes políticos	O obxectivo deste reto consiste en analizar as funcións sociais dos representantes políticos		X	
Liña do tempo sobre a historia do territorio Xeoparque Montañas do Courel	PDI que se desenvolverá ao longo do segundo e terceiro trimestre do curso		X	X

### Observacións:

Os retos son situacións de aprendizaxe transversais que abordaremos na área de CC Naturais desde a perspectiva de que todas as áreas contribúen, desde os seus enfoques particulares, á formulación global dos proxectos, integrando saberes para que o alumnado avance nas súas competencias, relacione aprendizaxes, e se converta no protagonista da súa evolución.

Durante o reto aplicaranse os coñecementos adquiridos no trimestre a través de diferentes actividades nas distintas áreas e ámbitos, que se conxugarán e modularán para realizar un traballo cooperativo e que permitirán ao alumnado aprender a valorar os resultados do proceso.

A temporalización destas actividades complementarias aparece no apartado anterior. O espazo no que se desenvolverán será a aula de 4º EP e/ou biblioteca escolar. Non se precisarán recursos especiais distintos dos que pode haber na aula ordinaria, agás para levar a cabo as saídas e visitas extraescolares programadas nos diferentes trimestres.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Conseguíuse motivar ao alumnado?
Préstase atención aos elementos transversais plantexados?
Metodoloxía empregada
Ofrcecéuselle oa alumnado as explicacións individuais que precisan?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Aproveitáronse os recursos dos que dispón a contorna e o centro?

Medidas de atención á diversidade
Elabóranse diferentes actividades segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado?
Adáptanse as probas aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe?
Tomáronse medidas para atender ao ACNEAE?
Clima de traballo na aula
Infórmase o/a alumno/a dos erros cometidos nas diferentes probas, tarefas e/ou actividades?
Infórmase o/a alumno/a dos resultados obtidos nas diferentes probas?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Mantívose contacto asiduo coas familias logrando a súa implicación no proceso?
Cal é o grado de coordinación co resto do profesorado implicado no nivel e no ciclo?

#### Descrición:

Os instrumentos que se empregarán para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente e medir os indicadores anteriormente sinalados, será unha taboa de indicadores cunha escala de valoración (nunca, as veces, sempre) e serán revisados nas sucesivas reunións de ciclo e de avaliación.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade có obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe. a través da aplicación informática Proens, no apartado Seguimento. A información do seguimento da programación didáctica trasládase, para a súa valoración e análise, ao equipo de ciclo, cunha frecuencia mínima mensual, deixando constancia da mesma, nas correspondentes actas.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación, có gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente). Faremos especial fincapé na análise das cualificacións obtidas ao longo dos tres trimestres.

Non se esperará á finalización do curso escolar para poñer en marcha as propostas de mellora identificadas durante o seguimento da programación e que sexan susceptibles de aplicación no curso actual.

## 9. Outros apartados